



Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa

Instrucións para confección de solicitudes vía web ou clásica

Probas de acceso a ciclos formativos de grao medio de formación profesional

Convocatoria 2019

(Actualizado 28/02//2019)





Índice

1	Presentación de solicitudes.....	3
2	Confección de solicitude.....	4
	2.1. Datos para os efectos de notificacións.....	4
	2.2. Datos dos/das proxenitores/as ou representantes legais.....	4
	2.3. Adaptación da proba por discapacidade.....	5
	2.4. Conservación da cualificación de partes superadas nalgunha das dúas convocatorias anteriores.....	5
	2.5. Exencións.....	6



1 Presentación de solicitudes

1. As solicitudes deberán presentarse en papel, no centro de inscrición próximo á localidade onde se desexe realizar a proba.
2. No caso de enviarse por correo postal, o envío debe ser certificado segundo as instrucións indicadas na orde da convocatoria.
3. Para solicitudes que poden cubrirse a través da aplicación (ciclosprobas) dispoñible na páxina web <http://www.edu.xunta.es/fp>. Diferenciamos os seguintes casos:
 - a) Aquelas solicitudes que deben presentar documentación complementaria necesaria para a súa tramitación, deberán entregar solicitude de inscrición impresa xunto coa documentación indicada nun centro publico de Galicia con oferta de FP para a súa validación, antes de que remate o prazo de inscrición.
 - b) Para aquelas persoas que fagan a solicitude con usuario e contrasinal na aplicación e **NON** necesitan presentar documentación complementaria, a aplicación avisará de que a solicitude está validada automaticamente e que non é preciso entregala nun centro.
 - c) No caso de solicitantes menores de idade poderán realizar a solicitude de proba de acceso a ciclos formativos de grao medio de formación profesional, os representantes legais ou as persoas titulares da patria potestade. As persoas con Chave 365 ou sinatura dixital, e recoñecidos na base de datos da consellería, terán que acceder co seu usuario a través da aplicación informática (ciclos probas), na ligazón “Acceso para solicitantes web”. Seleccionar dentro da listaxe a persoa para quen se vai realizar a solicitude e continúe cos pasos que se indican no apartado 2.



2 Confección de solicitude

2.1. Datos para os efectos de notificacións

Deberase escoller o medio de notificación preferente, electrónico ou postal.

- Só se poderá escoller a opción electrónica no caso de estar dado de alta en Galicia-Notifica.gal.
- Deberase cubrir obrigatoriamente os datos do teléfono móbil e do correo electrónico da persoa solicitante ou da persoa ou entidade representante.
- No caso de notificación postal, cubrirá os datos do enderezo sempre e cando sexan distintos aos indicados anteriormente.

DATOS PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN

Notifíquese a: Persoa solicitante Persoa ou entidade representante

Enviaranse avisos da posta a disposición da notificación ao correo electrónico e/ou teléfono móbil facilitados a seguir:

TELÉFONO MÓBIL CORREO ELECTRÓNICO

ELECCIÓN DO MEDIO DE NOTIFICACIÓN PREFERENTE

As persoas obrigadas a relacionarse a través de medios electrónicos coa administración deberán optar, en todo caso, pola notificación por medios electrónicos sen que sexa válida para elas, nin produza efectos, unha opción diferente.

Electrónica a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, <https://notifica.xunta.gal>. Só se poderá acceder á notificación co certificado electrónico asociado ao NIF da persoa indicada.

Postal (cubrir o enderezo postal só se é distinto do indicado anteriormente)

As notificacións que se practiquen en papel estarán tamén a disposición da persoa indicada anteriormente no Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, para que poida acceder ao seu contido de forma voluntaria.

TIPO	NOME DA VÍA	NUM	BLOQ	ANDAR	PORTA
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

PARROQUIA LUGAR

CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO	LOCALIDADE
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

2.2. Datos dos/das proxenitores/as ou representantes legais

Este bloque é obrigatorio no caso de solicitudes de menores de idade. Deberá ser asinada por:

- Calquera das persoas titulares da patria potestade ou representantes legais.
- No caso de separación ou divorcio, a sinatura de ambas persoas, agás nos casos por violencia de xénero ou que a patria potestade estea atribuída, con carácter exclusivo, a unha delas.



DATOS DAS PERSOAS PROXENITORAS OU REPRESENTANTES LEGAIS (obrigatorio no caso de solicitudes de menores de idade)			
A solicitude deberá ser asinada pola persoa solicitante. Se esta é menor de idade, ademais deberá ser asinada por calquera das persoas titulares da patria potestade ou representantes legais. No caso de separación ou divorcio destas persoas, será necesaria a sinatura de ambas, agás nos supostos de alumnado afectado por situacións de violencia de xénero ou de que a patria potestade estea atribuída, con carácter exclusivo, a unha delas. Nestes casos, cumprirá presentar, coa solicitude, a resolución xudicial correspondente para o seu cotexo polo centro educativo. (Documento 1)			
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF/PASAPORTE
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF/PASAPORTE
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

2.3. Adaptación da proba por discapacidade

No momento da inscrición, poderán solicitar a proba adaptada aquelas persoas que cumpran os seguintes requisitos:

- Persoas con alteracións físicas, psíquicas ou sensorias cun grao de discapacidade **igual ou superior ao 33 %**.
- Persoas diagnosticadas de trastorno por déficit de atención e hiperactividade (TDAH),

As persoas que necesiten unha adaptación da proba, deberán indicar brevemente aquilo que precisen para o seu desenvolvemento. (Por exemplo: mais tempos para a realización da proba, letra de maior tamaño, etc.).

ADAPTACIÓN DA PROBA POR DISCAPACIDADE
<input type="checkbox"/> Solicita adaptación da proba por discapacidade. Describa a adaptación que precisa (Documentos 2,3 e/ou 4):
<input type="text"/>

2.4. Conservación da cualificación de partes superadas nalgunha das dúas convocatorias anteriores

A conservación de nota é para aquelas persoas que realizaran a proba de acceso a ciclos formativos de formación profesional na Comunidade Autónoma de Galicia **nos anos 2017 e 2018** e non a superasen na súa totalidade. Pódese solicitar cando a parte superada da proba teña unha nota igual ou superior a cinco.

Aquelas persoas que se atopen nesta situación deberán marcar na solicitude a opción correspondente:

- Conservación da cualificación da parte sociolingüística.
- Conservación da cualificación da parte matemática.
- Conservación da cualificación da parte científico-técnica.



No caso de solicitudes realizadas vía web aparecerá a nota da parte da proba superada.

En ningún caso se poderá realizar o exame da parte da proba da que se solicita conservación.

CONSERVACIÓN DA CUALIFICACIÓN DE PARTES SUPERADAS NALGUNHA DAS DÚAS CONVOCATORIAS ANTERIORES
(Documento 5)

- Solicita conservación da cualificación da parte sociolingüística.
- Solicita conservación da cualificación da parte matemática.
- Solicita conservación da cualificación da parte científico-técnica.

2.5. Exencións

A persoa que participe nas probas de acceso a ciclos formativos de grao medio poderá solicitar a **exención parcial ou total da proba**:

- Exención da parte sociolingüística.
- Exención da parte matemática.
- Exención da parte científico-técnica.

Deberase marcar primeiro a exención da parte da proba que se solicita e a continuación, o motivo desa elección. Achegar os documentos xustificativos correspondentes a cada motivo da exención.

Non se poderá examinar da parte ou partes da proba para as cales xa se concedera a exención.

EXENCIÓNS

- Solicita exención da parte sociolingüística (sinale o motivo):
 - Exención recoñecida nunha convocatoria anterior de probas de acceso a ciclos formativos de grao medio en Galicia (Documento 5)
 - Superación dos módulos profesionais de Comunicación e sociedade I e II dun título de formación profesional básica (Documento 6)
 - Superación dos ámbitos social e de comunicación dun programa de cualificación profesional inicial (Documento 7)
 - Superación dos ámbitos social e de comunicación do nivel II da educación secundaria para as persoas adultas (Documento 8)
- Solicita exención da parte matemática e da parte científico-técnica (sinale o motivo):
 - Exención recoñecida nunha convocatoria anterior de probas de acceso a ciclos formativos de grao medio en Galicia (Documento 5)
 - Superación dos módulos profesionais de Ciencias aplicadas I e II dun título de formación profesional básica (Documento 6)
 - Superación do ámbito científico-tecnolóxico dun programa de cualificación profesional inicial (Documento 7)
 - Superación do ámbito científico-tecnolóxico do nivel II da educación secundaria para as persoas adultas (Documento 8)
- Solicita exención da parte científico-técnica (sinale o motivo):
 - Exención recoñecida nunha convocatoria anterior de probas de acceso a ciclos formativos de grao medio en Galicia (Documento 5)
 - Superación dos módulos profesionais dun título de formación profesional básica agás o módulo de FCT e os módulos asociados aos bloques comúns (Documento 6)
 - Superación dos módulos específicos profesionais (exceptuando o módulo de FCT) dun programa de cualificación profesional inicial (Documento 7)
 - Certificado de profesionalidade de calquera nivel (Documento 9)
 - Experiencia laboral de polo menos un ano en xornada completa (Documento 10 ou 11)